



LINGUA GALEGA

Léxico

2

rodeira

Índice

Os animais	3
As plantas	4
A paisaxe natural	6
O tempo meteorolóxico	7
O tempo cronolóxico	9
Tradicións, festas e ritos	10
O medio rural	11
O medio urbano	13
A vida administrativa	15
Topónimos e xentilicios	17




Solucionario Léxico 2

Actividades




Os animais

- Adiviña 1:* a pulga. *Adiviña 2:* a abella. *Adiviña 3:* o lucecú (ou vagalume).
- Diferenza 1:* no debuxo A no fondo hai un raposo, no B no mesmo lugar hai un lobo. *Diferenza 2:* no debuxo A o cervo do fondo ten unha cornamenta longa, no B tena máis curta. *Diferenza 3:* no debuxo A o porco teixo mira cara á dereita, no B mira cara á esquerda. *Diferenza 4:* no debuxo A a cuncha da tartaruga é de cor verde, no B é marrón. *Diferenza 5:* no debuxo A a píntega está a dereita da ra, no B está á esquerda. *Diferenza 6:* no debuxo A o martiño peixeiro ten un peixiño no pico, no B non o ten. *Diferenza 7:* no debuxo A na árbore hai un niño con catro ovos, no B ten tres. *Diferenza 8:* no debuxo A hai unha serpe de cor laranxa, no B é de cor verde. *Diferenza 9:* no debuxo A o esquío non ten nada nas mans, no B leva unha froita. *Diferenza 10:* no debuxo A unha das lontras ten a cola metida no río, no B a cola está fóra da auga.
- A: corvo. B: curuxa. C: gaivota. D: mascato. E: reiseñor. F: moucho. G: arao. H: pardal. I: pega. L: aguia. M: pomba. N: parrulo. Ñ: andoriña. O: corvo mariño. P: bufo.
- Xato - vaca / Poldro - cabalo / Lobeto - lobo / Cazapo - coello / Bacoriño - porco / Pito - galiña / Cágado - ra / Cabuxo - cabra / Cadelo - can / Cordeiro - ovella.
- Encrucillado.



Resposta aberta.

6. Un cardume de peixes. Un rabaño de ovellas. Un enxame de abellas. Unha grea de cabalos. Unha manda de lobos. Unha rodada de bacoriños. Unha bandada de pombas. Unha niñada de pitos.
7. Sopas de letras.



Cabala – xarda. Xurelo – chicharro. Xouba – parrocha. Bocareo – bocarte. Pescada – pixota. Rabada – peixe sapo.


8. Quedei marabillado cando o ~~xilgueiro~~ xílgaro do veciño se puxo a ~~trinar~~ rechouchiar. / Os furados que hai pola horta non son de ~~texóns~~ teixugos, senón de ~~topos~~ toupas. / As vacas non ~~rebuznan~~ ornean. ~~Rebuznan~~ Ornean os burros e as vacas ~~muxen~~ brúan. / O neno buscaba ~~saltamontes~~ saltóns entre as herbas e acabou atopando unha ~~babosa~~ lesma.
9. Frase feita: A; significado: ser astuto e precavido grazas á experiencia. Frase feita: B; significado: empeñarse en buscar ou pretender un imposible. Frase feita: C; significado: conseguir algo pero sen beneficio, sen que mude nada. Frase feita: D; significado: ser quen domina a situación dentro dun grupo. Frase feita: E; significado: decatarse dun erro, recoñecer un erro. Frase feita: F; significado: descubrir algo rendible, do que se pode tirar proveito.
- Resposta aberta.

Actividades




1. 1: tulipán. 2: papoula. 3: estalote. 4: caravel. 5: chorima. 6: margarida. 7: camelia. 8: chuchamel. 9: xasmín. 10: pensamento.
2. A ~~hiedra~~ hedra é unha planta ~~trepadora~~ rubideira que pode chegar ata os trinta metros de lonxitude. / Esquecín botarlle auga aos ~~laveis~~ caraveis e agora están ~~marchitos~~ murchos. / Preto do río había ~~sauces~~ salgueiros, ~~abeduis~~ bidueiros, ~~fresnos~~ freixos e mesmo algún ~~roble~~ carballo. / Creo que este ano a ~~vendimia~~ vendima vai ser ~~temprana~~ temperá porque eu xa vexo os ~~facimos~~ acios a punto.

3. Encrucillado.



4. Azafrán. 2: especia que se extrae da flor desta planta. / Macela. 2: infusión que se fai coas flores desa planta. / Asente. 2: licor elaborado a partir desta planta. / Regalicia. 2: pasta que se elabora co zume da raíz desta planta e que se toma como lambetada. / Liño. 2: fío téxtil que se obtén desa planta, e tecido ou tea que se confecciona con el. / Papiro. 2: folla ou lámina para escribir confeccionada polos antigos exipcios a partir do talo desta planta. / Mostaza. 2: semente moída e macerada desta planta, que se emprega como condimento picante. / Cicuta. 2: veneno que se extrae desta planta.

5. Sopa de letras.




Caduco; *antónimo*: perenne. / Húmido; *antónimo*: enxoito. / Murcho; *antónimo*: vizoso. / Pestilente; *antónimo*: recendente. / Temperán; *antónimo*: serodio. / Raro; *antónimo*: mesto.

6. [mirrar - demoucar] [decotar - grelar] [xermolar - debullar] [degrañar - segar] [seiturar - arraigar] [enraizar - medrar] [crescer - sementar] [plantar - murchar]

7. Ao que a boa árbore se acolle, boa sombra o cobre. *Significado*: resulta beneficioso estar baixo a protección dos que saben moito (ou dos que teñen poder). / Da árbore que está no chan, todos sacan un ramallo. *Significado*: é demasiado fácil aproveitarse de quen caeu en desgraza.



1. Encrucillado.



2. Montaña: elevación importante do terreo. – Outeiro: pequena elevación de terreo illada e de pouca extensión. / Lago: masa considerable de auga, de maior ou menor profundidade, rodeada de terra e non comunicada directamente co mar. – Lagoa: extensión de auga máis pequena có lago e de menor profundidade.
3. Cume. *Significado orixinal*: 'Parte máis elevada dunha montaña'. *Oración*: resposta aberta. *Significado figurado*: 'Grao máis alto ao que se pode chegar, auxe'. *Oración*: resposta aberta. / Río. *Significado orixinal*: 'Curso natural e permanente de auga doce'. *Oración*: resposta aberta. *Significado figurado*: 'Grande abundancia ou concorrencia de cousas, persoas...'. *Oración*: resposta aberta. / Abismo. *Significado orixinal*: 'Lugar moi profundo e insondable'. *Oración*: resposta aberta. *Significado figurado*: 'Gran separación ou diferenza entre persoas, cousas, ideas...'. *Oración*: resposta aberta. / Fonte. *Significado orixinal*: 'Lugar onde mana auga da terra'. *Oración*: resposta aberta. *Significado figurado*: 'Orixe, causa ou principio dalgunha cousa'. *Oración*: resposta aberta.
4. Salto de auga causado por un brusco desnivel de terreo. → ferverza / Depresión xeográfica entre montañas. → val / Lugar onde mana a auga da terra. → fonte / Curso natural de auga doce, constante e de certa magnitude, que flúe por un leito e vai dar ao mar, a un lago... → río / Lugar elevado desde onde se poden observar vistas panorámicas. → miradoiro / Sucesión de montañas, menos extensa ca unha cordilleira. → serra / Curso de auga moi pouco voluminoso. → regato / Grande extensión de terreo chan. → chaira / Pedra de gran tamaño que destaca na terra ou no mar. → rocha / Elevación natural e importante do terreo. → monte / Elevación pequena do terreo, outeiro. → montículo. / Esteiro ou tramo final dun val fluvial asolagado polo mar, provocado polo feito de afundirse a codia terrestre. → ría.
Resposta aberta.
5. A: meandro. B: regato. C: vao. D: insua. E: remuíño. F: encoro. G: garganta. H: manancial. I: ferverza. L: pasadoiro.
6. Temos que subir ata o ~~mirador~~ *miradoiro* que hai no alto ~~da colina~~ *do outeiro*. / Aquela paisaxe era moi triste: unha enorme ~~lanura~~ *chaira* ~~polverenta~~ *poeirenta*. / No medio daquel ~~fiorde~~ *fiorde* noruegués vimos un ~~isote~~ *illote* cheo de focas. / Nese ~~axado~~ *afastado* ~~valle~~ *val* hai un fermoso bosque de faias. / Vin un lagarto no ~~peñase~~ *penedo* que hai preto daquel ~~riachuelo~~ *regato*.

7. Fraga – gándara – veiga – devesa – bouza – braña. (Ou: Fraga – bouza – braña – gándara – veiga – devesa).

Tipo de terreo: fraga; significado: extensión de monte poboado de árbores autóctonas, de herbas, mofos e líques e na que convive tamén unha gran diversidade de fauna. / Tipo de terreo: gándara; significado: terreo baixo, arento e improproductivo, onde só medra a maleza. / Tipo de terreo: veiga; significado: terreo baixo, amplo e fértil polo que adoita discorrer un río, onde hai prados e terras de cultivo e no que varios veciños posúen parcelas. / Tipo de terreo: devesa; significado: terreo extenso, poboado de árbores non moi mestas, normalmente valado ou cercado e dedicado ao pastoreo. / Tipo de terreo: bouza; significado: terreo inulto poboado de mato, como toxos, xestas, uces... / Tipo de terreo: braña; significado: terreo moi húmido que pode ser prado ou monte baixo.


8. *Frase feita: A; significado: perder o tempo nunha cousa que non dá resultado. Frase feita: B; significado: posuír algo en abundancia. Frase feita: C; significado: ir contra o sentir maioritario ou o costume. Frase feita: D; significado: provocar aflición ou mágoa. Frase feita: E; significado: deixarse levar pola mala vida. Frase feita: F; significado: malograrse un asunto ou un negocio.*

Resposta aberta.

Actividades



1. *Mapa do tempo.*



O tempo meteorolóxico


Resposta aberta.

2. *Adiviña 1: a nube. Adiviña 2: o vento. Adiviña 3: a neve.*

3. Os montañeiros resgardáronse nas súas tendas para fuxir do frío *sufocante* (→ glacial). / O día era *solleiro* (→ intempestivo), de chuvia e moito vento, pero nós demos igual o noso paseo. / No invernadoiro estabamos a máis corenta graos e había moita humidade. Aquilo era *abrigoso* (→ sufocante). / Eu, para bañarme, prefiro a auga *arida* (→ morna). Nin moi fría nin moi quente. / A chuvia *morna* (→ torrencial) provocou esta fin de semana grandes asolagamentos en Nicaragua / Fixeches ben comprando este xerse de la: é moi *intempestivo* (→ abrigoso). / Impresionoume visitar o deserto do Sáhara pola súa paisaxe tan *torrencial* (→ árida). / Había un día *glacial* (→ solleiro), así que decidimos poñer os bañadores e irmos á praia.
4. *Frase feita*: A; *significado*: a unanimidade é moi difícil de conseguir. *Frase feita*: B; *significado*: a boa sorte non dura moito. *Frase feita*: C; *significado*: convén ser precavido e estar preparado para todo. *Frase feita*: D; *significado*: é mellor non darlles voltas a cousas que xa pasaron. *Frase feita*: E; *significado*: as desgrazas non duran eternamente.

Resposta aberta.

5. Encrucillado.



6. *Chover pouco*: mexar os paxaros, chover miudiño, caer auga miúda, caer unha faiscada. / *Chover moito*: chover a cachón, chover ás cuncas, caer auga a xerros, chover a fío.
7. Facer perder a claridade do ceo. → toldar / Cubrir de auga. → asolagar / Secar no verán un río, unha fonte... → agostar. / Diminuír a intensidade do vento, da chuvia... → amainar / Tornar claro o ceo. → clarear / Deixar de chover. → estear.
- Resposta aberta.
8. ~~Cope~~: folerpa. ~~Aguaceiro~~: balón. ~~Sequía~~: seca. ~~Pedrisco~~: pedrazo. ~~Escarcha~~: xeada. ~~Rocio~~: rosada. ~~Granizo~~: sarabia. ~~Carámbano~~: carambo. ~~Nublado~~: nubrado. ~~Lluvioso~~: chuviñento. ~~Templado~~: tépedo. ~~Solleado~~: solleiro.
9. *Ver o ceo aberto*: sentir un alivio inesperado. / *Andarlle o vento polas pólas*: ter ideas tolas, non ter sentido. / *Coma quen oe chover*: sen facer caso. / *Pasarlle o sol pola porta*: perder unha boa oportunidade.


Resposta aberta



1. Resposta aberta.
2. Madrugada – mañá [amencer – abrente – alborada – mañanciña – mediodía] – tarde [serán – tardiña – anoitecer – solpor – luscofusco – noitiña] – noite.
3. *Que pasa axiña, de curta duración: fuxidío, fugaz, efémero, pasaxeiro. / Que non cesa, que dura no tempo: duradeiro, continuo, permanente, constante. / Que sucede antes do acostumado: temperán, precoz, adiantado. / Que sucede tarde, despois do momento preciso: serodio, tardío. / Que ocorre moi poucas veces: inusitado, insólito. / Que ocorre de forma regular, con frecuencia: frecuente, asiduo, habitual, cotián.*
Resposta aberta.
4. *Adverbios: antonte, outrora, decontado, acotío, daquela, cedo.*
Ese castelo foi outrora residencia do conde de Lemos. / Convén que comamos hoxe os xurelos, porque xa os mercamos antonte. / Chegaches moi cedo e aínda non teño a cea lista. / Espera un pouco, que María vai vir decontado. / Xoán e os seus amigos van acotío ao fútbol para apoiar o seu equipo. / Se non lembro mal, daquela eu tiña o pelo curto.
5. [bulir - adoitar] [acostumar - terminar] [concluir - predicir] [prognosticar - pasar] [transcorrer - aprazar] [pospoñer - iniciar] [comezar - seguir] [continuar - apurar]
6. *Adverbios (refrán 1): aínda, xa. / Adverbios (refrán 2): axiña. / Adverbios (refrán 3): antes. / Adverbios (refrán 4): tarde, cedo. / Adverbios (refrán 5): nunca, sempre.*
Aínda non me deron a carne e xa me piden os ósos; *significado: esixen demasiado antes de tempo. / Amor, tempo e fortuna, axiña mudan; significado: algunhas cousas son moi inconstantes e variables. / Antes que acabes, non te gabes; significado: non convén cantar vitoria antes de tempo. / Quen chega tarde á paga, non chega cedo a nada; significado: as persoas que son preguiceras ou descoidadas para as cousas importantes, sono para todo. / O tempo nunca ten présa, pero sempre chega; significado: convén ter paciencia, todo acaba chegando.*
7. *Inmediatamente, decontado: nun chiscar de ollos; nun tristrás; meu dito, meu feito. / Pasou moito tempo: xa choveu; xa medraron os carballos; onde vai. / Xa é tarde: a boas horas; bótalle un can; tarde piaches. / Nunca: cando as ras críen pelo; cando mexen as galiñas; cando chova para arriba.*
Resposta aberta.
8. San Migueliño das uvas, moito me tardas e que pouco me duras. / Polo san Xoán a sardiña molla o pan. / Por Santiago pinta o bago. / Por Nadal cada ovella ao seu curral. / Por san Simón proba o viño, o porco por san Martiño.



1. Santo → 3; carrusel → 13; grilandas → 20; capela → 1; polbeira → 19; procesión → 2; rosquilleira → 18; caseta de tiro → 17; fogueteiro → 9; romeiro → 6; gaiteiro → 15; andas → 4; baile → 16; foguete → 10; banda de música → 8; exvoto → 7; palco → 14; crego → 5; campo da festa → 11; nora → 12.
2. Resposta aberta.
3. Encrucillado.



4. Cantigas populares propias do Aninovo. → xaneiras. / Promesa de matrimonio feita entre futuros esposos. → esponsais. / Individuo que vai disfrazado de forma descoidada e con roupa vella. → choqueiro. / Conxunto de pezas de roupa e mobles que os noivos levan ao matrimonio. → enxoval. / Período de corenta e seis días que vai do mércores de Cinsa ata o día de Pascua. → coesma. / Parte da herdanza que lle corresponde a cada un dos herdeiros. → partillas.

No Enterro da Sardiña, xusto cando comeza a coesma, a min gústame ir de choqueiro. / Onte reuníronse os meus tíos con todos os seus fillos para facer as partillas. / O que máis me gusta do Nadal e escoitar como cantan as xaneiras a xente da vila. / Xa están feitos os esponsais, así que cómpre ir preparando o teu enxoval para a voda.


5. Grupo de plantas ou animais que comparten unha serie de características comúns que permiten distinguilas doutros individuos da mesma especie. → caste / Operación de coller as uvas das videiras, e época do ano en que se realiza esta operación. → vendima / Zume de uvas que non sufriu a acción do fermento, polo que non ten alcol. → mosto / Parte da casa, xeralmente subterránea, ou construción independente onde se fai ou se garda o viño. → adega / Recipiente de madeira destinado a conter viño, máis pequeno ca o bocoí, cunha capacidade entre 250 e 500 litros. → pipa / Máquina que serve para comprimir, por exemplo, certos froitos (olivas, uvas, mazás...) para que solten o líquido que conteñen. → prensa / Conxunto de recipientes de madeira (barrís, bocois, cubas, toneis...) en que se envasa o viño dunha adega. → fustalla / Conxunto de uvas presas a un talo. → acio.

Parágrafo 1: descrición do tempo anterior á vendima. / *Parágrafo 2:* explicación detallada de como era a vendima. / *Parágrafo 3:* descrición de como se elaboraba o viño despois da vendima.



1. Terra de labor de pouca extensión próxima á casa onde se cultivan legumes, hortalizas... → horta / Terra de labor moi seca, que non é regada. → secaño / Terra de labor, polo xeral de pouca extensión, que pertence a un só dono. → agro. / Terra de labor que se deixa descansar unha tempada sen sementar. → barbeito / Terra de labor cercada de pouca extensión, xeralmente preto da casa, dedicada a cultivo de cereal ou a pasto. → chousa / Conxunto de terras de labor. → agra.
Resposta aberta.

2. Sopa de letras.




1: valo. 2: cancela. 3: sebe. 4: corte. 5: cortello. 6: maseira. 7: galiñeiro. 8: alvariza. 9: colmea. 10: canceira. 11: alpendre. 12: curral. 13: hórreo. 14: palleiro. 15: pozo. 16: lavadoiro. 17: horta. 18: pombal.

3. Aparello para moer e triturar produtos como cereais ou olivas e edificio onde está instalado algún destes aparellos. → muíño / Lugar cuberto e cerrado que forma unha construción á parte ou que está no interior doutra, onde se garda o gando. → corte. / Pedra do muíño, que xira sobre outra fixa chamada pé, para triturar o gran ou as olivas. → moa / Pequena canle de madeira, nun muíño de auga, por onde cae o gran que chega á moa. → quenlla / Brazado atado de trigo, herba seca, vides... → mollo / Estrutura de paus, canas ou vimbios con diversos usos: soporte para curar chourizos, suxeición lateral da carga do carro... → caínzo / Cantidad de gran que se moe de cada vez. → moenda / Conxunto de materias orgánicas formado por restos vexetais mesturados ou non con excrementos animais, que se lle bota á terra para que sexa máis fértil. → esterco / Muro feito xeralmente de pedras ou terróns, que cerra unha propiedade ou separa dúas. → valado / Canle longa e pouco fonda que se fai nun terreo, para sementar, ao aralo. → rego.

As cousas que ela facía todos os días eran para min grandes aventuras. Parecíame un milagre ter na man a corda que guía as vacas e que animais tan grandes obedecesen os meus nerviosos tironciños. Sentáronme un día no caínzo e tiña a sensación de ir esvarando por un mar de terra, sobre as ondas dos regos. No tempo da malla carrexamos mollos e rasqueime coma un can a comechón das espigas na pel suada e renegrada. Ao pasar un valado, rabuñeime nas silveiras e tiven que lamber o sangue. Logo fomos bañarnos no río, un río vexetal, verde, espeso de herbas de auga que xa na superficie agromaban con floriñas brancas. Estabamos as dúas soas, espidas, cómplices, rindo e salpicándonos, protexidas polas árbores. Unha vez, na casa da túa nai, preguntei polo retrete e todos riron, e alí fomos as dúas, na corte, agachadiñas, a facelo entre os animais, coa saia recollida sobre o esterco. No muíño, cos ollos pechos, aprendín a distinguir as fariñas co tacto das xemas. A fariña de trigo é como a seda; a do centeo, como a la; a do maínzo, como o liño. Se metes as mans na caixa chea de moenda xa non queres volver sacalas. O muíño era un lugar máxico. Podíamos pasar unha eternidade hipnotizadas polo movemento da quenlla e da moa, mentres chegaba o gurgullo da auga polas orellas do chan. E indo de acó para aló coa túa nai, escoitei falares, fortes blasfemias e doces cantigas, que endexamais oíra, coma se o alto muro do pazo fose tamén feito adrede para que non pasasen as palabras da aldea. É unha dona misteriosa a memoria. Nós non escollemos os recordos. Eles viven a súa vida. Van e veñen. Ás veces, vanse para sempre. E hai recordos que se apegan a nós á maneira do lique á pedra.

4. ~~Estable~~: corte. ~~Rastrillo~~: angazo. ~~Surco~~: rego. ~~Sembrar~~: sementar. ~~Azada~~: aixada. ~~Desbrozar~~: rozar. ~~Cobertizo~~: alpendre. ~~Ordeñar~~: muxir. ~~Finca~~: leira.

5. Encrucillado.



Resposta aberta.

6. *Frase feita: A; significado: oír os consellos e convencerse do erro en que se estaba. Frase feita: B; significado: precipitarse, facer algo antes de tempo. Frase feita: C; significado: ser indeciso. Frase feita: D; significado: ter o mando ou o control nunha situación. Frase feita: E; significado: ter moito traballo adiantado. Frase feita: F; significado: estar distraído, non decatarse de algo evidente.*

Ao principio Xoán negábase; mais, finalmente, despois de falarmos con el, veu ao rego e accedeu a repetir o exame. / Non fagas reservas para viaxar en xuño se aínda non sabes se terás vacacións. Eu penso que é poñer o carro diante dos bois. / Non sei para que lle preguntas a Marta. Ela non di nin arre nin xo e ao final sempre temos que decidir nós.

Actividades



1. O rápido crecemento *próximo* (→ urbano) está a destruír algunhas fermosas paraxes naturais das aforas. / A praza estaba moi *peonil* (→ concorrida) por culpa do concerto, por iso tardei case dez minutos en cruzala. / Esta rúa é *concorrida* (→ peonil). Só poden acceder a ela os coches que teñen aquí o seu garaxe. / É boa idea vivir nese piso, porque está moi *céntrico* (→ próximo) á estación de tren e á de autobuses. / Na Coruña estivemos nun hotel *urbano* (→ céntrico), así puidemos ir a pé a todas partes.
2. Para chegarmos axiña á estación de autobuses, o mellor é *cortar* (→ atallar) por esta rúa. / Din que van *derruír* (→ derrubar) ese edificio tan antigo. / Tes que *xirar* (→ virar) á dereita e despois xa atopas onde *aparcar* (→ estacionar). / Hoxe penso *flanquear* (→ bordear) a costa e chegar ata o faro. / O neno estivo a *vagar* (→ deambular) varias horas polas rúas ata que o atoparon.
3. *Diferenza 1:* no debuxo A o coche que entra no garaxe é marrón, no B ese coche é verde. *Diferenza 2:* no debuxo A o varredor varre na beirarrúa, no B faino na rúa. *Diferenza 3:* no debuxo A o toldo é verde, no B é azul. *Diferenza 4:* no debuxo A o farol é menos alto ca no B. *Diferenza 5:* no debuxo A a tapa do sumidoiro está á dereita do farol, no B está á esquerda. *Diferenza 6:* no debuxo A na rúa hai unha focha, no B non está. *Diferenza 7:* no debuxo A o guindastre leva un coche de cor laranxa, no B ese coche é de cor amarela. *Diferenza 8:* no debuxo A o paso de peóns ten oito bandas, no B ten sete. *Diferenza 9:* no debuxo A o colector de papel reborda, no B non. *Diferenza 10:* no debuxo A hai unha papeleira de cor vermella, no B é de cor verde. *Diferenza 11:* no debuxo A unha señora bota unha carta á caixa do correo, no B faino un señor. *Diferenza 12:* no debuxo A o chafariz ten seis canos, no B ten catro.
4. A localidade ~~ribera~~ *ribeira* ~~ribeira~~ *ribeira* de Allariz ten un ~~caseo~~ *caseo* ~~centro~~ *centro* histórico moi ben conservado. / Meu avó ía camiñando pola ~~aceira~~ *aceira* ~~beirarrúa~~ *beirarrúa* e tropezou nunha tapa de ~~alcantarilla~~ *alcantarilla* ~~sumidoiro~~ *sumidoiro*. / Ten coidado cando chegues co coche a aquel ~~cruce~~ *cruce* ~~crucemento~~ *crucemento* porque está cheo de ~~baches~~ *baches* ~~fochas~~ *fochas*. / O ~~pabellón~~ *pabellón* ~~pavillón~~ *pavillón* de deportes está tan ~~aloxado~~ *aloxado* ~~afastado~~ *afastado* que nos leva media hora chegar ata alí. / Xa sei a ~~dirección~~ *dirección* ~~o~~ *o* ~~endereço~~ *endereço* de Antón: rúa Barcelona, 12. É unha rúa ~~peatonal~~ *peonil*.
5. *Alfoz:* barrio dunha poboación situado nos arredores. / *Choupana:* casa pequena e ruín construída con madeiras, cartóns, plásticos, canas... / *Marquesiña:* cuberta que protexe das inclemencias do tempo nas paradas do autobús. / *Viaduto:* ponte con que unha estrada ou vía férrea salva unha depresión, un lugar habitado, outra vía... / *Chafrán:* fachada dun edificio que substitúe unha esquina. / *Canella:* rúa moi estreita entre valos ou casas.


Resposta aberta.

6. Intersección de camiños, rúas ou estradas. → cruzamento / Rúa longa e ancha, xeralmente adornada con árbores ás beiras. → avenida. / Aparello que se fai soar nos automóbiles para facer sinais. → bucina. / Planta de tamaño grande, con tronco leñoso e elevado que se divide en pólas a partir de certa altura. → árbore / Conducir, dirixir un vehículo. → guiar / Vehículo utilitario de catro rodas movido pola acción dun motor. → coche / Ir polo bordo ou polas proximidades dun lugar. → bordear / Espazo urbano amplo, sen edificar e rodeado de edificios, onde adoitan confluír varias rúas. → praza / Poste de sinalización, con luces de cores que se acenden e apagan automaticamente, para orientar e ordenar o tráfico nas rúas e nas estradas. → semáforo / Movemento ou circulación de vehículos. → tráfico / Construción grande dedicada a vivendas ou a outros usos. → edificio / Gran concentración de vehículos nun punto dunha estrada ou rúa dificultando ou impedindo a circulación. → embotellamento.

Na cidade sucedíanse os ciclos de calma e crispación. Unha enérxica muller maior sacaba un brazo e a cabeza pola xanela do seu coche escangallado, color verde vincha; na chapa, grandes áreas pintadas de gris verdoso. A vella, coa súa voz rouca e impotente baixo a barafunda do tráfico, protestaba. Unha muller moito máis nova, impasible ao volante do seu coche carmín granza, agardaba que a vella se retirase marcha atrás. E a vella berraba. / Os coches atascados detrás da muller vella e mais da nova tocaban a bucina, e os condutores braxaban e berraban imprecacións inauditas. E algún baixaba do coche, disposto a poñer orde, pero apenas outro se desprazaba dúas cuartas no embotellamento, o árbitro xa volvía sentar ao volante renunciando á súa misión pacificadora. Por fin a vella, sen parar de falar ela soa mentres forcexaba para guiar, acabou de retirarse. Segundo me afastaba do cruzamento, puiden ver como a cola de coches se ía estirando e pouco a pouco recuperaba o tráfico a súa fluidez normal, é dicir, a fluidez dunha columna de tartarugas peregrinas. / Optei por bordear a praza en dirección contraria ás agullas do reloxo. Agardaba no semáforo unha muller cunha recua de nenos, todos collidos da man. Un dos nenos sorría. Miraba o tráfico sen velo, sen decatarse de que estaban diante dun semáforo, e sorría dunha forma que me contaxiou dez ou doce segundos de calma. Cruzamos e o conxunto de muller e nenos torceu noutra dirección. Quedei parado un intre a mirar as súas cabezas radiantes afastarse mentres rían e falaban, gozosos coma pardais. / A avenida, demasiado estreita, afogaba entre os edificios desmesurados, coa colaboración do tráfico. As súas árbores raquíticas estaban tan asoballadas naquel ambiente inimigo de calquera forma de vida que realmente eran irrecoñecibles. Aquelas árbores vivían por defecto, milagrosamente alentadas por escasas racións de aire limpo, sol e auga que recibían do ceo coma unha esmola. Lembrei que noutro tempo existiran árbores de maior tamaño e corpulencia naquela rúa, quizais laranxeiras ou camelios, pero foran taladas e substituídas por estoutras varas peladas que, sen dúbida, nunca chegarían a medrar o suficiente como para molestar as autoridades.



1. Sopa de letras.




1: tribunal. 2: xuíza. 3: acusación. 4: fiscal. 5: defensa. 6: avogada. 7: secretario. 8: testemuña. 9: acusado. 10: garda. 11: público.

2. Admitida a trámite a querela presentada pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) contra o Grupo EXLABESA. / Triunfo de Barceló e Chillida nunha poxa londiniense. O cadro de Barceló *Pase de peito* vendeuse por 806 625 euros, unha das obras máis caras da sesión. / O fiscal pide 32 anos para quen decidiu raptar a Ortega Lara. A fiscalía considera que os feitos son constitutivos dun delito de detención ilegal coa agravante de asañamento. / Camilo Nogueira, do Bloque Nacionalista Galego, quedou finalmente sen o escano no Parlamento Europeo tras o reconto dos votos realizado durante as últimas horas. / O Parlamento aproba unha proposta para potenciar a carga de traballo en Izar-Fene. O texto definitivo aprobado incluíu unha emenda do PP. / Alfredo Vázquez Dorado, voceiro do PSOE na corporación celanovesa, e os demais representantes dos grupos municipais da oposición piden que se depuren responsabilidades. / A Xunta financiou a redacción de proxectos de xestión forestal en máis de 170 000 hectáreas de montes, cun investimento superior aos cinco millóns de euros. / O beneficio do primeiro trimestre do ano 2004 do Grupo La Caixa obtívose nun contorno caracterizado por tipos de xuro en mínimos históricos.

Ámbito xudicial: querela, delito, asañamento. *Ámbito económico-empresarial:* poxa, investimento, beneficio, xuro. *Ámbito político-administrativo:* escano, reconto, emenda, voceiro, oposición.

3. Encrucillado.




Resposta aberta.

4. Como chegamos a un acordo ~~amistoso~~ *amigable* sobre o pago do ~~alquiler~~ *alugamento*, xa non iremos ao ~~xuzgado~~ *xulgado*. / A ~~recaudación~~ *recadación* da ~~subasta~~ *poxa* benéfica ascendeu a tres mil euros. / Teño que consultar uns documentos nos ~~archives~~ *arquivos* da ~~cofradía~~ *confraría*. / Tras o seu ~~cese~~ *cesamento*, o ex-conselleiro ~~querellose~~ *querelouse* contra os que o acusaron de ~~soberno~~ *suborno*.
5. Na reunión da comunidade esixíronlle á veciña *orzamentaria* (→ morosa) que pagase as súas débedas. / A sentenza foi dura porque o acusado era *fidedigno* (→ reincidente): xa fora condenado con anterioridade. / Ela foi profesora *preventiva* (→ interina) moito tempo, mais este ano por fin aprobou as oposicións. / Xoán non pode dar un testemuño *privativo* (→ fidedigno) do que ocorreu porque non estivo alí. / Os recursos do seu avogado teñen un fin *reincidente* (→ dilatorio): só busca atrasar a aplicación da sentenza. / No meu edificio, todos podemos usar o patio. Non é de uso *dilatorio* (→ privativo) de ningún veciño. / O xuíz declarou prisión *interina* (→ preventiva) ante o risco de que o acusado fuxise do país. / Os concelleiros da oposición criticaron a política *morosa* (→ orzamentaria) da alcaldía.
6. Resposta aberta.



- A: *país*: Noruega; *xentilicio*: noruegués/esa. B: *país*: Canadá; *xentilicio*: canadense. C: *país*: Güiana; *xentilicio*: güianés/esa. D: *país*: Corea do Sur; *xentilicio*: surcoreano/a. E: *país*: Somalia; *xentilicio*: somalí. F: *país*: Paraguai; *xentilicio*: paraguaio/a. G: *país*: Arxelia; *xentilicio*: alxeriano/a. H: *país*: Mozambique; *xentilicio*: mozambicano/a. I: *país*: Nova Zelandia; *xentilicio*: neocelandés/esa. L: *país*: Nixeria; *xentilicio*: nixeriano/a. M: *país*: Ucraína; *xentilicio*: ucraíno/a. N: *país*: Afganistán; *xentilicio*: afgán/á. Ñ: *país*: Romanía; *xentilicio*: romanés/esa. O: *país*: Paquistán; *xentilicio*: paquistaní. P: *país*: Níxer; *xentilicio*: nixerino/a. Q: *país*: Cambodia; *xentilicio*: cambodiano/a. R: *país*: Nicaragua; *xentilicio*: nicaraguan/a. S: *país*: China; *xentilicio*: chinés/esa. T: *país*: Alemaña; *xentilicio*: alemán/á. U: *país*: Tunisia; *xentilicio*: tunisiano/a.

2. Encrucillado.



3. Sopa de letras.



Formas do terreo: Monterroso, Monterrei, Valdoviño, Outeiro de Rei. *Arredor dos ríos*: Ribadeo, Ribadavia, Caldas de Reis, Foz. *Plantas e flores*: Carballo, O Carballiño, Camariñas, Soutomaior. *Construcións humanas*: Pontevedra, Portonovo, Muros, Cabanas.

4. *Xeroglífico A: Rábade (R abade). Xeroglífico B: Laxe (la xe). Xeroglífico C: Noia (no i a). Xeroglífico D: Ponteceso (ponte ces o). Xeroglífico E: Silleda (si L leda). Xeroglífico F: Arteixo (arte i X o). Xeroglífico G: Melide (mel i de). Xeroglífico H: Burela (b u re la). Xeroglífico I: Portonovo (portón ovo). Xeroglífico L: Culleredo (culler e dó).*
5. *Xentilicio: ordense; topónimo: Ordes. Xentilicio: ponteareán; topónimo: Ponteareas. Xentilicio: viveirense; topónimo: Viveiro. Xentilicio: limiao; topónimo: Xinzo de Limia. Xentilicio: ourensá; topónimo: Ourense. Xentilicio: vilalbés; topónimo: Vilalba. Xentilicio: fisterrán; topónimo: Fisterra. Xentilicio: guardesa; topónimo: A Guarda.*
6. O crioulo caboverdiano (→ de Cabo Verde) será lingua oficial en Cabo Verde dende o 2005. Medio millón de persoas falan o idioma, co que canta a maioría dos seus temas Cesárea Évora. / O tren de aterraxe do avión das liñas locais de Uzbekistán que se estrelou antonte cerca de Tachkent non se abriu, segundo explicou onte o fiscal xeral usbeco (→ de *Uzbequistán*), Rachitdjon Kadirov. / Edmilson, a un paso do Barça. O club azulgrán chegou a un principio de acordo co Olympique de Lyon para fichar o xogador brasileiro (→ do Brasil). / Expectación ante a última aterraxe do Concorde. Nada menos que unhas 250 000 persoas esperan polo próximo día 24 no aeroporto londiniense (→ de Londres) de Heathrow para veren a aterraxe do último voo comercial do Concorde. / O Parlamento designa como senadores aos populares Manuel Cabezas e Corina Porro, e ao nacionalista Anxo Quintana, ex-alcalde allaricense (→ de Allariz). / Os Estados Unidos liberaron o ano pasado cinco prisioneiros saudís (→ de Arabia Saudí) da base de Guantánamo a cambio de que Arabia Saudí puxese en liberdade cinco británicos. / Novo terremoto en Irán. O sismo, de magnitude 5,5 na escala Richter, sacudiu a costa norte iraniana (→ de Irán), causando polo menos trinta mortos e arredor de cento cincuenta feridos. / Morre un operario de Clesa na factoría de Caldas de Reis. O traballador, de 55 anos, residía no lugar de Follente, na parroquia caldense (→ de Caldas de Reis) de Bemil. / Moyá está pletórico no Roland Garros. Álex Corretja, Galo Blanco e Tommy Robredo tamén logran a clasificación para a terceira rolda no torneo parisiense (→ de París). / Un infarto acaba coa vida do alcalde de Muros. O rexedor muradán (→ de Muros) tiña corenta e oito anos e gobernaba na localidade coruñesa desde 1996. / A sala de exposicións do Forum das Picoas de Lisboa inaugura unha interesante exposición de pintura angolana (→ de Angola). / A candidatura moscovita (→ de Moscova) propón uns Xogos Olímpicos concentrados «nunha soa cidade», que reúne tanto as sedes deportivas como as instalacións dedicadas aos atletas e aos xornalistas. / Cúmprense cincuenta anos da publicación de *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro. Os concellos de Mondoñedo e Ferrol están a preparar os actos en homenaxe ao escritor mindoniense (→ de Mondoñedo) / Rafael Sánchez Bargiela rescata no libro *100 años de luz eléctrica en Ponteareas* a nova dos actos que tiveron lugar o 13 de xuño de 1895, cun fragmento da información que publica o xornal tudense (→ de Tui) *La Integridad*.